

# O CAMPUS DE OURENSE ACOLLE HOXE UNHA MESA INFORMATIVA DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE SOBRE DOAZÓN DE SANGUE E MEDULA ÓSEA

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) estará ao longo da presente xornada cunha mesa informativa sobre doazón de sangue e medula ósea no Edificio Facultades do Campus de Ourense.

Ao longo da mañá, todos os estudantes que se acheguen poderán informarse sobre distintos xeitos de doazón como sangue ou medula ósea. Esta iniciativa forma parte da campaña de información, sensibilización e captación de doazóns que a ADOS está a desenvolver nos sete campus das tres universidades galegas no curso académico 2025-2026.

Deste xeito, os estudantes poderán doar sangue na unidade móbil que estará tanto hoxe como mañá, xoves 30 de outubro, diante do Edificio de Facultades de Ourense das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas.